



**2011**

**A REPRESENTACIÓN DOS TRABALLADORES  
MENORES DE 30 ANOS NAS OCUPACIÓNS DO  
MERCADO LABORAL GALEGO**



# **A REPRESENTACIÓN DOS TRABALLADORES MENORES DE 30 ANOS NAS OCUPACIÓNS DO MERCADO LABORAL GALEGO**

XUNTA DE GALICIA  
Consellería de Traballo e Benestar  
Santiago de Compostela  
2011

**EDITA:**

Xunta de Galicia  
Consellería de Traballo e Benestar  
Dirección Xeral de Formación e Colocación  
Instituto Galego das Cualificacións

**COORDINACIÓN:**

Marisa Mallo Fernández  
M<sup>a</sup> José Cortés Jiménez

**EQUIPO TÉCNICO:**

Juan Cirilo Arnosa Casal  
César Manuel Dans Galán  
Rosa M<sup>a</sup> Fernández Fernández  
Ricardo Fernández López  
M<sup>a</sup> del Mar Martínez Besada  
Sergio Cantalejo Díez  
M<sup>a</sup> Esther Sánchez González  
Eva Uriach Masgoret  
M<sup>a</sup> Belén Yáñez Barge

**EQUIPO AUXILIAR:**

Francisco de Cal Pose  
M<sup>a</sup> Jesús Iglesias Ferreiro  
Marta López Fernández  
M<sup>a</sup> José Porto Pardiñas



## Índice

<b>1. INTRODUCCIÓN</b>	<b>7</b>
<b>2. OS MENORES DE 30 ANOS NO MERCADO LABORAL GALEGO: SITUACIÓN ACTUAL</b>	<b>8</b>
<b>3. A CONTRATACIÓN DOS MENORES DE 30 ANOS NAS OCUPACIÓNS DO MERCADO LABORAL</b>	<b>11</b>
3.1 CONTRATADOS MENORES DE 30 ANOS SEGUNDO GRAN GRUPO DE OCUPACIÓN	12
3.2 GRUPOS OCUPACIONAIS CON MAIOR VOLUME DE CONTRATADOS MENORES DE 30 ANOS	14
3.3 GRUPOS OCUPACIONAIS CON MAIOR PROPORCIÓN DE CONTRATADOS MENORES DE 30 ANOS	16
3.4 GRUPOS OCUPACIONAIS CON CRECEMENTO NA CONTRATACIÓN DE MENORES DE 30 ANOS	18
3.5 GRUPOS OCUPACIONAIS CON CRECEMENTO QUINQUENAL NA CONTRATACIÓN DE PERSOAS DE TODAS AS IDADES E DECREMENTO CONTRACTUAL PARA OS MENORES DE 30 ANOS	20
3.6 GRUPOS OCUPACIONAIS CON MAIOR PROPORCIÓN DE CONTRATOS INDEFINIDOS OU TEMPORAIS NOS MENORES DE 30 ANOS	21
<b>4. OS DEMANDANTES PARADOS MENORES DE 30 ANOS NAS OCUPACIÓNS DO MERCADO LABORAL</b>	<b>23</b>
4.1 GRUPOS OCUPACIONAIS MÁIS SOLICITADOS POLOS DEMANDANTES PARADOS MENORES DE 30 ANOS	24
4.2 GRUPOS OCUPACIONAIS CON MAIOR E MENOR PROPORCIÓN DE DEMANDANTES PARADOS MENORES DE 30 ANOS	26
<b>5. ANÁLISE PROVINCIAL</b>	<b>27</b>
<b>6. A MOBILIDADE XEOGRÁFICA DOS MENORES DE 30 ANOS</b>	<b>34</b>
6.1 OCUPACIÓNS QUE ACAPARAN O MAIOR NÚMERO DE TRABALLADORES MENORES DE 30 ANOS NAS ENTRADAS E SAÍDAS DO MERCADO LABORAL GALEGO	35

## Introdución

Un de cada catro traballadores menores de 30 anos perdeu o seu posto de traballo desde que se iniciara no ano 2008 a situación de constante deterioración do mercado laboral. As altísimas taxas de paro entre a poboación máis nova fan crecer a alarma na sociedade actual, pois no ano 2010 rexistrábanse practicamente o dobre de mozos parados dos que se atopaban inscritos a finais de 2007. Ademais, o 20% da mocidade galega sen emprego leva máis dun ano intentando sen éxito inserirse no mercado de traballo.

Esta realidade xera, sen dúbida, un gran desánimo e frustración entre a poboación xuvenil, xa que a súa traxectoria en moitos casos é a de pasar do emprego ao paro e do paro á inactividade, optando moitos deles por volveren a ser estudantes e así prolongar a súa situación completando con formación a súa incerta carreira profesional.

Neste informe tentaremos, con datos obxectivos, facer un repaso á representación que teñen os menores de 30 anos no actual mercado de traballo, representación que se medirá a través dos traballadores que son contratados nas diferentes ocupacións que conforman o eido laboral, facendo especial fincapé naquelas que obteñen un crecemento positivo na contratación dos últimos anos para telas en conta como posibles saídas profesionais para este colectivo de idade. Tamén se inclúen as ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego menores de 30 anos.

A información contida neste documento foi elaborada a partir da base de datos de contratos e demandas rexistradas que constan nas oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia, revisando tamén a evolución temporal experimentada nos últimos cinco anos. A clasificación de ocupacións empregada é a da CNO-94 (Clasificación Nacional de Ocupacións), cunha análise levada a cabo a dous niveis: os grandes grupos de ocupación (a desagregación vertical máis sinxela da CNO, a cal conta con nove grupos ocupacionais diferenciados entre si pola maior ou menor cualificación que presentan) e os grupos primarios ou desagregacións a catro díxitos (conxuntos de ocupacións afíns situados a un mesmo nivel profesional).


Para ampliar a información contida neste informe, pódense consultar as aplicacións web do Instituto Galego das Cualificacións, postas á disposición do usuario no seguinte enderezo: <http://emprego.xunta.es/cualificacions/>

# **1. OS MENORES DE 30 ANOS NO MERCADO LABORAL GALEGO: SITUACIÓN ACTUAL**



**A MOCIDADE NO MERCADO LABORAL GALEGO 2010 (16 a 29 anos)**


**DATOS DE POBOACIÓN**



**POBOACIÓN GALEGA ENTRE 16 E 29 ANOS**

**429.152**

**15,33% do total da poboación**



**DATOS DO MERCADO LABORAL**




Menores de 30 anos	Homes	Mulleres	Total
<b>Paro rexistrado</b>	26.727	24.746	51.473
<b>Contratados</b>	82.719	78.257	160.976



ANTIGÜIDADE NA DEMANDA	Parados menores de 30 anos
≤ 1 mes	7.945
de 1 a 3 meses	14.394
de 3 a 6 meses	10.563
de 6 a 12 meses	9.110
de 12 a 24 meses	6.699
máis de 24 meses	2.762

**MOBILIDADE LABORAL DOS CONTRATADOS/AS**



**Afiliados Seguridade Social**



**PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DOS MENORES DE 30 ANOS NO MERCADO DE TRABAJO GALEGO 2010**

- A nivel demográfico, Galicia perde aproximadamente cada ano 15.000 mozas e mozos con idades comprendidas entre os 16 e os 29 anos, baseándose nos datos do Padrón Municipal de Habitantes. Ao mesmo tempo, as persoas maiores de 55 anos duplican en volume o segmento de idades máis novas segundo os datos máis recentes correspondentes ao pasado ano 2010.
- No que se refire ao mercado de traballo, e tendo en conta soamente a variación entre 2009 e 2010, estes cambios demográficos déixanse sentir con forza, xa que neste período os mozos menores de 30 anos perden un total de 22.700 activos, mentres que os que superan esas idades gañan uns 12.300 efectivos.
- A pesar disto, as taxas de actividade dos máis novos (segundo a Enquisa de Poboación Activa) seguen a ser superiores ás da poboación total, tanto no conxunto da comunidade autónoma galega como nas catro provincias. Non hai que esquecer que o conxunto de activos inclúe tanto os ocupados como os parados, e precisamente neste último colectivo, no dos parados, é onde as porcentaxes de poboación xuvenil se disparan en comparación coas dos restantes grupos de idade, converténdose así nos máis prexudicados coa situación actual.
- Tendo en conta os datos dos servizos públicos de emprego de Galicia, o 21,69% do total de parados rexistrados en 2010 eran persoas menores de 30 anos, practicamente a cuarta parte dos desempregados. O volume de mozos parados creceu desde o ano 2007 nun 46%, pasando de 35.348 nese ano a 51.473 persoas sen emprego en decembro de 2010. O dato positivo é que os menores de 30 anos son o único colectivo de idade que logra rebaixar o volume de desempregados no último ano, de 2009 a 2010, nun -2,69%.
- A poboación xuvenil que está máis afectada polo desemprego é aquela que ten menores niveis de formación, xa que o 60% do total presenta estudos ata certificado de escolaridade ou titulación de ensino obrigatorio. Malia isto, resulta preocupante que os demandantes parados con titulación universitaria sexan os únicos que aumentan no bienio 2009-2010, un crecemento que chega a supoñer un 13% máis de desempregados.
- Un de cada cinco parados desta idade (9.461 persoas) levan máis dun ano buscando emprego sen éxito e, ademais, un de cada cinco son mozas e mozos que están na procura do seu primeiro emprego.
- Dos 384.930 traballadores contratados en Galicia entre xaneiro e decembro de 2010, o 41% foron persoas de entre 16 e 29 anos, un 7,07% menos dos que se rexistraban en 2009. Oito de cada dez contratos son de carácter temporal e, deles, un de cada tres son temporais a tempo parcial.
- Por sectores económicos, o sector servizos acapara o 83% da contratación efectuada, e, máis concretamente, as *actividades económicas relacionadas co emprego* e os *servizos de comidas e bebidas* son as que máis contratos de traballo rexistran entre os mozos galegos.
- *Camareiros, barmans e asimilados* convértese na ocupación que máis número de traballadores menores de 30 anos rexistra, en total 18.104 contratados con data de decembro de 2010. Esta ocupación presenta un 90,47% de temporalidade.
- Practicamente uns 10.000 traballadores menores de 30 anos saen de Galicia en 2010 para asinaren un contrato de traballo fóra da comunidade galega, 2.737 máis que os contratados da mesma idade que entran en Galicia para traballaren no noso territorio.
- Finalmente, o salario medio dos menores de 25 anos que teñen emprego é de 11.705 euros anuais e de 16.169 euros para os empregados que teñen entre 25 e 34 anos. Ambos son os únicos colectivos de idade que están por debaixo da media salarial en Galicia, a cal está situada en 19.156 euros anuais.


## **2. A CONTRATACIÓN DOS MENORES DE 30 ANOS NAS OCUPACIÓNS DO MERCADO LABORAL**

**3.1 CONTRATADOS MENORES DE 30 ANOS SEGUNDO GRAN GRUPO DE OCUPACIÓN**

A continuación móstranse as persoas menores de 30 anos contratadas na comunidade autónoma galega nos grandes grupos de ocupación. Os datos corresponden ao ano 2010 e engádesse a variación producida desde o ano 2006 para facilitar a comparación temporal.

GRAN GRUPO DE OCUPACIÓN	Contratados menores de 30 anos en 2010	% sobre todas as idades	% de variación na contratación total entre 2006 e 2010
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria	19.547	33,28	-31,45
Dirección das empresas e das administracións públicas	301	18,24	-18,15
Empregados de tipo administrativo	15.746	47,77	-29,68
Forzas armadas	399	82,44	-20,95
Operadores de instalación e maquinaria, e montadores	11.028	31,95	-26,82
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	11.585	40,23	-11,79
Técnicos e profesionais de apoio	16.171	47,18	-16,27
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	2.290	27,73	-12,81
Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios	49.817	50,76	-6,92
Traballadores non cualificados	34.092	39,14	-22,95

A distribución por xénero da contratación nos grandes grupos de ocupación queda da seguinte maneira:



O 31% dos traballadores menores de 30 anos en 2010 foron contratados para desempeñaren tarefas relacionadas cos *servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio*. Precisamente, esta categoría é a que presenta o maior número de mulleres contratadas: sete de cada dez dos traballadores que asinan un contrato en Galicia neste tipo de ocupacións son mulleres.

O segundo grupo ocupacional no que as mozas e mozos galegos teñen maior volume de contratación é o que conforman os *traballadores non cualificados*, e neste caso son os homes os que duplican as mulleres.

Tendo en conta o peso porcentual que teñen os menores de 30 anos en cada grupo cando os comparamos cos demais colectivos de idade, destacan en primeiro lugar os que forman parte do subgrupo das *forzas armadas*, cun 82,44% en 2010. Tamén cómpre destacar que a metade dos contratados totais nos *servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio* teñen menos de 30 anos.

Os *empregados de tipo administrativo* e os *técnicos e profesionais de apoio* (ocupacións que inclúen, entre outras, os *técnicos das ciencias e das enxeñarías, técnicos sanitarios, profesionais das finanzas e matemáticas* ou *técnicos das forzas e corpos de seguridade*) tamén teñen unha alta proporción de contratados menores de 30 anos entre os seus rexistros totais (un 47,77% e un 47,18% respectivamente).

Ampliando a visión temporal da contratación e analizando a tendencia experimentada desde o ano 2006 ata o ano 2010, podemos comprobar como todos e cada un dos grandes grupos de ocupación perden contratados de todas as idades no transcurso do período mencionado. O grupo que maior perda presenta é o de *artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría*, con 41.169 contratados totais menos que no ano 2006, seguido dos *traballadores non cualificados*, os cales perden 38.052 traballadores.

Os menores de 30 anos sofren unha diminución maior que a rexistrada para o conxunto de toda a poboación no que a contratación por grupos ocupacionais se refire. En 2010 contratáronse en Galicia un 30% menos de traballadores de entre 16 e 29 anos dos que así constaban no ano 2006; a mesma comparación supón un 20% menos para os empregados de todos os grupos de idade.

A diferenza do que acontece co total da poboación, o gran grupo ocupacional que maior volume de contratados menores de 30 anos perde é o dos *traballadores non cualificados*, con 26.465 traballadores menos en 2010 dos que se rexistraban no ano 2006. O seguinte grupo máis prexudicado pola perda de contratación é o de *artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras*, con 23.514 contratados menos.

Analizando máis detalladamente a variación interanual, hai que destacar que a baixada máis pronunciada de contratación dos menores de 30 anos nos distintos grupos ocupacionais se produce entre os anos 2008 e 2009, onde o descenso supón un -22,32%. No período 2009-2010 a perda é máis moderada: un -7,07%.

### 3.2 GRUPOS OCUPACIONAIS CON MAIOR VOLUME DE CONTRATADOS MENORES DE 30 ANOS

No seguinte cadro constan aqueles grupos ocupacionais (codificación a 4 díxitos, unha maior desagregación que a establecida na anterior análise) que maior número de mozas e mozos menores de 30 anos contratan no ano 2010. Ademais, engádese a porcentaxe que representan sobre o conxunto de todas as idades e a tendencia experimentada (crecemento ou decrecemento contractual) no último quinquenio.

GRUPOS OCUPACIONAIS	Contratados menores de 30 anos en 2010	% sobre todas as idades	% de variación na contratación total entre 2006 e 2010
Camareiros, <i>barmans</i> e asimilados	18.104	57,87	3,47
Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	17.185	57,41	-16,44
Peóns de industrias manufactureiras	11.049	44,98	-33,26
Peóns do transporte e descargadores	6.473	51,93	-27,43
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	4.794	22,23	-8,72
Albaneis e canteiros	3.396	22,71	-32,86
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	2.947	27,90	-5,45
Animadores comunitarios	2.935	61,25	3,89
Taquígrafos e mecanógrafos	2.838	41,80	-52,98
Perruqueiros, especialistas en tratamento de beleza e traballadores asimilados	2.590	65,77	-13,86
Auxiliares administrativos con tarefas de atención ao público non clasificados anteriormente	2.289	48,34	-3,36
Caixeiros, vendedores de billetes (excepto bancos e correos)	2.280	60,22	-12,92
Peóns da construción de edificios	2.225	42,71	-49,20
Representantes de comercio e técnicos de venda	2.105	34,73	-22,86
Telefonistas	2.029	47,03	-27,89

Tendo en conta a distribución por xénero das mesmas ocupacións, podemos detectar a existencia dun repartimento desigual entre as ocupacións con máis mulleres e homes contratados:



As 15 primeiras ocupacións que destacan por seren as que maior volume de contratados menores de 30 anos rexistran acaparan o 52% do total da contratación para estas idades. Entre elas destacan claramente a de *camareiros, barmans e asimilados* e a de *dependentes e exhibidores en tendas*, con 18.104 e 17.185 contratados en 2010, respectivamente.

Destas ocupacións, cinco correspóndense cos niveis máis baixos de cualificación; en concreto, destacan os *peóns* (de *industrias manufactureiras*, do *transporte* e da *construción*), cun 13% da contratación total dos menores de 30 anos. O nivel de cualificación profesional máis elevado que atopamos entre as 15 primeiras ocupacións que máis contratan os mozos galegos é o nivel 3, que se corresponde cos *técnicos e profesionais de apoio*. Máis concretamente, trátase de dúas ocupacións, os *animadores comunitarios* e os *representantes de comercio e técnicos de venda*, os cales acaparan apenas o 3% do total da contratación en 2010.

En 2010, uns 300 mozos menores de 30 anos foron contratados para desempeñaren traballos de carácter directivo, traballos que se enmarcan no gran grupo de ocupación 1, denominado de *dirección de empresas e das administracións públicas*. No ano 2006 contratábanse practicamente o dobre de persoas destas idades nos mesmos postos; desde ese ano a diminución é constante. A ocupación que maior número de contratados en funcións directivas presenta é a de *dirección en departamentos de produción, abastecemento e distribución*.

Observando a evolución da contratación nas 15 primeiras ocupacións que maior volume de mozos presentan, vemos como nos últimos cinco anos estas perden de maneira conxunta un 20% de movementos contractuais. Soamente dúas ocupacións amosan datos positivos de empregabilidade no período analizado, trátase dos *animadores comunitarios* (animadores e monitores socioculturais, de servizos á comunidade, educación e tempo libre) e os *camareiros e barmans*, precisamente a ocupación que máis poboación xuvenil contrata. Ambas experimentan un incremento de contratación desde o ano 2006 dun 3,89% e dun 3,47% respectivamente.

Pola contra, as ocupacións que maior proporción de traballadores novos perden no quinquenio son os *taquígrafos e mecanógrafos* (cunha redución de máis da metade da contratación nos últimos anos), seguidos dos *peóns da construción* e dos *peóns das industrias manufactureiras*.





**3.3 GRUPOS OCUPACIONAIS CON MAIOR PROPORCIÓN DE CONTRATADOS MENORES DE 30 ANOS SOBRE O TOTAL**

Ademais da análise por volume de contratación, cómpre ter en conta aquelas ocupacións que presentan unha maior porcentaxe de contratados menores de 30 anos con respecto ao total dos rexistrados de todas as idades. Esta vez a relación de ocupacións está ordenada en función da maior presenza de traballadores menores de 30 anos.

GRUPOS OCUPACIONAIS	Contratados menores de 30 anos en 2010	% sobre todas as idades	% de variación na contratación total entre 2006 e 2010
Bañistas-socorristas	1.352	85,14	9,38
Guías e azafatas de terra	1.654	72,23	-0,02
Condutores de motocicletas e ciclomotores	712	70,29	-40,54
Perruqueiros, especialistas en tratamento de beleza e traballadores asimilados	2.590	65,77	-13,85
Deportistas e profesionais similares	1.426	61,41	3,61
Animadores comunitarios	2.935	61,25	3,88
Recepcionistas en establecementos distintos de oficinas	1.414	60,58	-13,6
Programadores de aplicacións informáticas e controladores de equipos informáticos	746	60,40	-14,84
Caixeiros, vendedores de billetes (excepto bancos e correos)	2.280	60,22	-12,91
Enfermeiros	1.276	60,22	-13,29
Mecánicos e axustadores de vehículos de motor	1.066	59,42	-24,58
Camareiros, <i>barmans</i> e asimilados	18.104	57,87	3,47
Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	17.185	57,41	-16,43
Mozos de equipaxe e asimilados	599	57,16	58,12
Técnicos en educación infantil	607	57,00	13,66

As mesmas ocupacións repártense da seguinte forma en función da variable xénero:



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Nota: Para esta análise, tómanse en conta aquelas ocupacións que teñen máis de 1.000 contratados de todas as idades en Galicia no ano 2010 para que sexan ocupacións con suficiente representatividade.



Partindo da base de que o 41,81% dos contratados totais rexistrados en 2010 tiñan menos de 30 anos, hai certas ocupacións que presentan porcentaxes moi superiores de representatividade para os mozos galegos.

A ocupación de *bañistas e socorristas* e a de *guías e azafatas de terra* son as dúas do mercado laboral que maior proporción de menores de 30 anos teñen nas contratacións de 2010 con respecto ao conxunto de todas as idades. Como *bañistas e socorristas*, foron contratados nese ano un total de 1.009 homes e 343 mulleres de entre 16 e 29 anos; en cambio, como *guías e azafatas de terra* foron contratadas 1.381 mulleres e 273 homes.

Soamente unha ocupación, a que fai referencia aos *animadores comunitarios*, coincide nas mulleres e nos homes entre as cinco que teñen maior proporción de traballadores menores de 30 anos.

Outras ocupacións, como as de *perruqueiros, especialistas en tratamentos de beleza, caixeiros, vendedores de billetes, camareiros e dependentes e exhibidores en tendas*, destacan por teren altas porcentaxes de mozos e mozas galegas nas contratacións rexistradas nos últimos anos e por contabilizaren anualmente máis de 2.000 contratados nestes tramos de idade. Trátase de ocupacións moitas delas relacionadas co sector da hostalaría e do comercio.

Mención especial requiren aquelas ocupacións que pasan por seren as que menor porcentaxe de contratados de menor idade presentan, ocupacións que, de seguir esta traxectoria poderían chegar a ter certos problemas de relevo xeracional e profesional. Son, entre outras, profesións como a de *encargados e xefes de equipo en obras estruturais da construción* (11% de contratados menores de 30 anos), *condutores de autobuses* (13%), *asistentes domiciliarios* (17%), *pescadores por conta allea* (19%) e *condutores de camións* (20,51%).

Referíndonos de novo ás 15 primeiras ocupacións que maior representación teñen de traballadores menores de 30 anos, vemos como, en conxunto, experimentan un descenso dun -3,86% de movementos contractuais nos últimos cinco anos. Esta porcentaxe significa unha perda en valores absolutos de 15.140 traballadores desde o ano 2006.


Seis das 15 ocupacións obteñen resultados positivos no crecemento da contratación no mesmo período: son os *bañistas e socorristas*, os *deportistas e profesionais similares*, os *animadores comunitarios*, os *camareiros*, os *mozos de equipaxe* e os *técnicos en educación infantil*. Por outra banda, as ocupacións que maior diminución porcentual mostran na contratación de menores son a de *condutores de motocicletas e ciclomotores* e a de *mecánicos e axustadores de vehículos de motor*.

### 3.4 GRUPOS OCUPACIONAIS CON CRECEMENTO NA CONTRATACIÓN DE MENORES DE 30 ANOS

As ocupacións que a continuación se detallan son todas aquelas que presentan un crecemento contractual para os traballadores menores de 30 anos entre os anos 2006 e 2010.

GRUPO OCUPACIONAL	Contratados menores de 30 anos en 2010	% de variación na contratación entre 2006 e 2010
Mariñeiros de cuberta de barco e asimilados	326	35,27
Mozos de equipaxe e asimilados	599	27,38
Compositores, músicos e cantantes	660	25,06
Operadores de máquinas-ferramenta	663	24,04
Peóns gandeiros	263	22,90
Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais	707	21,69
Outros empregados no coidado de persoas e asimilados	483	20,60
Peóns forestais	1.891	19,08
Axudantes farmacéuticos	331	17,90
Outros diversos traballadores de servizos persoais	354	10,97
Operadores de maquinaria agrícola móbil	304	7,71
Bañistas-socorristas	1.352	7,60
Peóns agrícolas	1.555	5,78
Farmacéuticos	301	2,73
Outros montadores e ensambladores	492	1,81
Técnicos en educación infantil	607	0,04

De novo, cómpre analizar as ocupacións con crecemento contractual para cada un dos xéneros:



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Nota: Para esta análise, tómanse en conta aquelas ocupacións que teñen máis de 1.000 contratados menores de 30 anos en Galicia na suma dos últimos cinco anos para que sexan ocupacións con suficiente representatividade.

A contratación xeral en Galicia sofre unha caída continuada desde o ano 2007, en concreto un decrecemento dun 20,45% nos empregados de todas as idades. A caída nas contratacións dos traballadores menores de 30 anos é aínda maior, xa que acada o 29,87% menos de rexistros nos últimos cinco anos.

Xa que logo, resulta de interese destacar neste informe aquelas ocupacións que presentan un crecemento positivo de empregabilidade para a poboación xuvenil nos últimos anos e ademais certa representatividade no mercado de traballo polo seu volume de contratación anual. Son ocupacións que parecen resistir a situación especialmente difícil que experimenta o actual mercado laboral.

Se temos en conta a porcentaxe positiva de crecemento, destacan claramente ocupacións como as de *mariñeiros de cuberta de barco* (+35,27%), os *mozos de equipaxes* (+27,38%) e os *compositores, músicos e cantantes* (+25,06%). Por outra banda, se temos en conta o crecemento segundo o volume de traballadores, as ocupacións varían; neste caso, destacan os *peóns forestais* (con 905 contratados menores de 30 anos máis en 2010 dos que se contrataban en 2006), *cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais* (con 260 traballadores máis) e os *peóns agrícolas* (con 207 contratados máis).

Estas ocupacións teñen maior presenza de homes nas súas contratacións, xa que para as mulleres as profesións que maior crecemento amosan nos últimos cinco anos son, a gran maioría, ocupacións que teñen estreita relación co ámbito sociosanitario e educativo, máis concretamente tarefas relacionadas co *coidado de persoas, técnicos en educación infantil e ámbito farmacéutico*.

Cómpre mencionar neste punto a correspondencia dos datos obtidos da análise contractual para os menores de 30 anos, coa evolución dos coñecidos como “*novos filóns de emprego*”, ocupacións que teñen posibilidade real de cara á nova creación de emprego. Un dos ámbitos que pertencen a este grupo é o dos *servizos da vida diaria*, estreitamente relacionado cos *servizos a domicilio* e o *coidado de nenos*, actividades que, como acabamos de comentar, experimentan un crecemento positivo na contratacións das mozas galegas menores de 30 anos. O envellecemento da poboación, a incorporación da muller ao mercado laboral e os cambios nas estruturas familiares favorecen este incremento de contratación.

Por outra banda, as actividades relacionadas coa *protección e mantemento das zonas naturais* (con ocupacións relacionadas como son os *peóns forestais* e os *cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais*) e co eido do deporte (como son os *profesionais do fútbol, atletismo, tenis, e diversos monitores de mantemento e actividades físicas*) son tamén ámbitos destacados dos filóns de emprego e teñen óptimos niveis de contratación para os menores de 30 anos.

### **3.5 GRUPOS OCUPACIONAIS CON CRECEMENTO QUINQUENAL NA CONTRATACIÓN DE PERSOAS DE TODAS AS IDADES E DECRECEMENTO CONTRACTUAL PARA OS MENORES DE 30 ANOS**

Determinadas ocupacións mostran un crecemento contractual constante desde o ano 2006 para o conxunto de toda a poboación e, ao mesmo tempo, perden contratados menores de 30 anos no mesmo período. Son todas as que se relatan no seguinte cadro:

<b>GRUPO OCUPACIONAL</b>	<b>Contratados menores de 30 anos en 2010</b>
Camareiros, <i>barmans</i> e asimilados	18.104
Animadores comunitarios	2.935
Outros diversos profesionais do ensino	1.598
Deportistas e profesionais similares	1.426
Empregados para o coidado de nenos	1.283
Asistentes domiciliarios	737
Outros traballadores das obras estruturais de construción	467
Músicos, cantantes e bailaríns de espectáculos en cabarés e similares	338
Outros técnicos en ciencias físicas, químicas e enxeñarías	297
Outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade	290
Xefes de cocineiros, de camareiros e asimilados	151
Operadores de equipos de radio e televisión e de telecomunicación	123
Outros traballadores diversos de acabado de construcións	111
Montadores de equipos electrónicos	105
Profesores de educación especial	91
Empregados de axencias de viaxes	89
Ensambladores de produtos metálicos, de caucho e de plástico	89
Montadores e empalmadores de cables	71
Cobradores de facturas, débedas e empregados asimilados	51
Empregados do fogar	49
Teitadores	39
Empregados de bibliotecas e arquivos	26
Técnicos en ciencias biolóxicas	24
Outros profesionais de apoio das administracións públicas para tarefas de inspección e control e tarefas similares	14
Outros operadores de instalacións de tratamento de produtos químicos	13
Xefes de equipos de mecánicos e axustadores de equipos eléctricos e electrónicos	12
Dirección de departamentos de publicidade e relacións públicas	9
Xerencia doutras empresas con menos de 10 asalariados, non incluídas anteriormente	8
Dirección de departamentos de investigación e desenvolvemento	5
Xerencia de hoteis con menos de 10 asalariados	3
Profesionais en ciencias físicas	2

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Todas estas ocupacións gañan aproximadamente uns 5.000 traballadores desde 2006 e perden, ao mesmo tempo, 2.000 contratados menores de 30 anos. Resulta importante facer fincapé nelas como futuras e reais posibilidades de emprego para este colectivo de traballadores.

### 3.6 GRUPOS OCUPACIONAIS CON MAIOR PROPORCIÓN DE CONTRATOS INDEFINIDOS OU TEMPORAIS NOS MENORES DE 30 ANOS

A continuación expóñense as ocupacións que destacan por teren unha maior porcentaxe de contratados de carácter temporal e as que tamén mostran unhas altas proporcións de contratados indefinidos. Sempre tendo en conta os contratos rexistrados para menores de 30 anos, os resultados son os seguintes:

#### GRUPOS OCUPACIONAIS CON MAIOR PORCENTAXE DE CONTRATACIÓN TEMPORAL NOS MENORES DE 30 ANOS

GRUPO OCUPACIONAL	Contratos a menores de 30 anos no ano 2010	% de contratación temporal
Operadores de carretillas elevadoras	1.719	99,30
Guías e azafatas de terra	5.738	99,27
Operadores de guindastres, camións montacargas e de maquinaria similar de movemento de materiais	2.956	99,09
Operadores de máquinas para imprimir	1.097	98,89
Actores e directores de cine, radio, televisión e de teatro e asimilados	1.018	98,85
Empregados de servizos de correos (excepto empregados de portelo)	1.377	98,62
Animadores comunitarios	5.733	98,42
Asistentes domiciliarios	1.187	98,35
Bañistas-socorristas	1.694	98,35
Fotógrafos e operadores de equipos de gravación de imaxe e son	1.566	98,22
Outros montadores e ensambladores	1.162	97,83
Mozos de equipaxe e asimilados	1.627	97,72
Peóns forestais	2.024	97,48
Peóns de obras públicas e mantemento de estradas, presas e construcións similares	1.312	97,03
Peóns de industrias manufactureiras	23.439	96,84

#### GRUPOS OCUPACIONAIS CON MAIOR PORCENTAXE DE CONTRATACIÓN INDEFINIDA NOS MENORES DE 30 ANOS

GRUPO OCUPACIONAL	Contratos a menores de 30 anos no ano 2010	% de contratación indefinida
Mecánicos e axustadores de vehículos de motor	1.197	30,54
Auxiliares administrativos con tarefas de atención ao público	2.870	20,40
Perruqueiros, especialistas en tratamento de beleza e traballadores asimilados	3.846	20,17
Condutores de camións	2.270	16,60
Taquígrafos e mecanógrafos	3.900	16,54
Taxistas e condutores de automóviles e furgonetas	2.066	14,73
Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas)	1.925	13,89
Auxiliares administrativos sen tarefas de atención ao público	1.733	13,59
Representantes de comercio e técnicos de venda	2.608	13,56
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	4.400	13,33
Secretarios administrativos e asimilados	2.187	12,95
Electricistas de construción e asimilados	1.724	9,83
Albaneis e canteiros	4.170	9,82
Telefonistas	2.880	9,80
Pintores, vernizadores, empapeladores e asimilados	1.092	9,79

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Nota: Para esta análise, tómanse en conta aquelas ocupacións que teñen máis de 1.000 contratos (non persoas contratadas neste caso, senón todos os contratos de traballo rexistrados, independentemente de que unha persoa poida asinar máis dun contrato no mesmo ano) de menores de 30 anos en Galicia no ano 2010 para que sexan ocupacións con suficiente representatividade.

No ano 2010, o 91,80% do total dos contratos asinados polos menores de 30 anos en Galicia tiñan carácter temporal, mentres que o 8,20% restante foron contratos por tempo indefinido.

Ademais, dos contratos temporais, o 35% foron contratos a tempo parcial e, no caso dos indefinidos, a porcentaxe de parcialidade foi algo inferior, un 28,33%. Estas proporcións de contratos a tempo parcial móstranse moi superiores cando as comparamos coas rexistradas polos restantes grupos de idade.

A poboación xuvenil sofre unha alta temporalidade e esta resulta especialmente evidente nas principais ocupacións en que se empregan as mozas e mozos galegos: as 15 ocupacións que maior porcentaxe de contratación temporal amosan para os menores de 30 anos acaparan o 20% do total da contratación efectuada no ano 2010 para este colectivo. Entre elas destacan todo tipo de traballos desenvolto por *operadores (de carretillas elevadoras, guindastres, maquinaria de impresión...)*, ademais de ocupacións como as *guías e azafatas de terra, animadores comunitarios, peóns forestais e bañistas-socorristas*, profesións que están altamente ligadas ao emprego estacional.

Para os homes de 16 a 29 anos, as ocupacións que maior porcentaxe de contratación temporal teñen son os *operadores de carretillas elevadoras, de guindastres, camións montacargas, os animadores comunitarios, bañistas-socorristas* e os *fotógrafos e operadores de equipos de gravación de imaxe e son*, todos eles con máis dun 98% de temporalidade.

En cambio, para as mulleres, ocupacións como as de *guías e azafatas de terra, asistentes domiciliarias, matachíns e traballadores das industrias cárnicas e do peixe, animadores comunitarios* e *peóns das industrias manufactureiras* son as que maior rotación do emprego experimentan, tamén con máis dun 98% de temporalidade.

No tocante á contratación indefinida, a porcentaxe máis elevada que atopamos na relación de ocupacións é dun 30,54%, porcentaxe que corresponde aos mozos contratados para traballaren como *mecánicos e xustadores de vehículos de motor*. Tamén os *auxiliares administrativos con tarefas de atención ao público* e os *perruqueiros* presentan datos de contratación indefinida moi superiores á media, superando nos dous casos o 20% para este tipo de contratación.

A porcentaxe de contratación indefinida é lixeiramente superior para as mulleres menores de 30 anos; elas teñen de media un 8,51% de contratos por tempo indefinido en 2010, mentres que os homes das mesmas idades teñen un 7,90%. As ocupacións que para as mozas galegas rexistran maior porcentaxe de contratación indefinida son, entre outras, as de *perruqueiras, auxiliares administrativas e taquígrafas e mecanógrafas*. Para os homes as ocupacións que teñen maior posibilidade de ofertar unha contratación de carácter indefinido son, entre outras, as de *pescador por conta allea, programador de aplicacións informáticas e mecánicos e axustadores de vehículos de motor*.

### **3. OS DEMANDANTES PARADOS MENORES DE 30 ANOS NAS OCUPACIÓNS DO MERCADO LABORAL**



#### 4.1 GRUPOS OCUPACIONAIS MÁIS SOLICITADOS POLOS DEMANDANTES PARADOS MENORES DE 30 ANOS

Os seguintes grupos ocupacionais pasan por seren os máis demandados polas mozas e mozos menores de 30 anos no pasado ano 2010. A continuación detállanse a modo de gráficas e por separado aquelas ocupacións que máis solicitan as mulleres e os homes de estas idades.

GRUPO OCUPACIONAL	Demandantes parados menores de 30 anos en 2010
Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	6.468
Camareiros, <i>barmans</i> e asimilados	2.744
Taquígrafos e mecanógrafos	2.587
Peóns do transporte e descargadores	2.281
Peóns de industrias manufactureiras	2.070
Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas)	1.825
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	1.451
Peóns da construción de edificios	1.422
Perruqueiros, especialistas en tratamento de beleza e traballadores asimilados	1.069
Mecánicos e axustadores de vehículos de motor	1.045
Albaneis e canteiros	955
Electricistas de construción e asimilados	952
Soldadores e oxicortadores	950
Empregados para o coidado de nenos	884
Caixeiros, vendedores de billetes (excepto bancos e correos)	766





Galicia tiña en decembro de 2010 un total de 51.473 demandantes parados menores de 30 anos, 24.746 mulleres e 26.727 homes. O colectivo de 16 a 29 anos representa o 21,68% do total de demandantes na comunidade galega; esta porcentaxe diminuíu en 2010 con respecto aos catro anos anteriores, pois a media de representación entre 2006 e 2009 era dun 23,65%.

Este dato non significa que o volume de desempregados menores de 30 anos descendese neste período. En 2006 o número de demandantes era de 39.565 mozas e mozos, baixando a 35.348 persoas en 2007. Desde ese ano experimentábase un forte incremento nas inscricións, ascendendo no ano 2009 a 52.895.

As dúas primeiras ocupacións máis demandadas pola xuventude galega son a de *dependentes e exhibidores en tendas* e a de *camareiros e barmans*, precisamente as dúas ocupacións que maior número de contratados menores de 30 anos rexistran no ano 2010. As dúas concentran o 18% do total das demandas rexistradas nas oficinas de emprego galegas.

Entre as 15 primeiras ocupacións máis demandas abundan aquelas que teñen relación coa construción (*peóns da construción de edificios, albaneis e canteiros, electricistas de construción...*), pero tamén ocupacións da hostalaría (*camareiros e persoal de limpeza de hoteis*) e do comercio (*dependentes e caixeiros*). Basicamente, ocupacións de escasa cualificación son as máis demandadas pola mocidade galega.


A ocupación que maior número de homes solicita é a de *carpinteiros* (1.790 demandantes), unha ocupación que ten moi escasas peticións por parte das mulleres; de feito, entre as cinco primeiras ocupacións que maior demanda teñen por parte dos homes, soamente a de *camareiros* presenta tamén un número considerable de solicitudes femininas. Elas decántanse en maior medida por ocupacións como as de *dependentes, taquígrafos e mecanógrafos, persoal de limpeza e perruqueiros*.

Existen cinco ocupacións entre as máis demandadas pola mocidade galega que non se atopan entre as que máis contratación reciben. Cómpre citalas neste apartado como dato de referencia: *carpinteiros* (precisamente a que maior número de demandas recibe en 2010), *mecánicos e axustadores de vehículos de motor, electricistas de construción, soldadores e oxicortadores e empregados para o coidado de nenos*.

Por outra banda, hai cinco ocupacións que non resultan ser moi atractivas para a xuventude en vista do número de solicitudes preferentes que se rexistran nas oficinas de emprego, pero, a pesar diso, están entre as que maior volume de contratación teñen entre os mozos galegos. Trátase de *cociñeiros, animadores culturais, auxiliares administrativos, representantes de comercio e telefonistas*.

#### 4.2 GRUPOS OCUPACIONAIS CON MAIOR E MENOR PROPORCIÓN DE DEMANDANTES PARADOS MENORES DE 30 ANOS

Tendo en conta a proporción de menores de 30 anos nas demandas de cada ocupación, os resultados varían con respecto á análise anterior. As cinco que destacan por teren a maior e menor representación de solicitudes parte da mocidade para o ano 2010 son:



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Máis da metade dos demandantes parados que solicitan como preferente para traballar a ocupación de *mecánicos e axustadores de vehículos de motor* son persoas que teñen entre 16 e 29 anos, maioritariamente homes. Outras como os *perruqueiros* (neste caso as solicitudes teñen maior proporción de mulleres), *electricistas*, *camareiros* e *carpinteiros* están por enriba da media galega en canto a solicitudes dos demandantes de menor idade en comparación cos restantes grupos etarios.

Na outra banda, atopamos ocupacións como as de *xastres*, *empregados do fogar*, *asistentes domiciliarios*, *condutores de camiós* e *operadores de coser e bordar* que reciben menos dun 7% de demandas por parte dos desempregados menores de 30 anos. A porcentaxe de contratación deste colectivo nestas cinco ocupacións oscila entre un 16% e un 20%. Cómpre destacar tamén que dúas delas, a de *empregados do fogar* e a de *asistentes domiciliarios*, experimentan un crecemento xeral de contratación nos últimos cinco anos, dato que resulta destacable ante o escaso acollemento que obteñen na solicitude por parte dos menores de 30 anos.

## **5. ANÁLISE PROVINCIAL**



## A CORUÑA

Contratados menores de 30 anos en 2010



PROPORCIÓN DE MENORES DE 30 ANOS NO TOTAL DA	
CONTRATACIÓN	<b>42,01%</b>
VARIACIÓN NA CONTRATACIÓN DOS MENORES DE 30 ANOS ENTRE	
2006 E 2010	<b>-29,96%</b>

### OS DEZ GRUPOS OCUPACIONAIS CON MAIOR NÚMERO DE CONTRATADOS MENORES DE 30 ANOS EN 2010

GRUPO OCUPACIONAL	Contratados menores de 30 anos en 2010
Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	7.762
Camareiros, <i>barmans</i> e asimilados	7.124
Peóns do transporte e descargadores	3.135
Peóns de industrias manufactureiras	3.107
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	1.744
Animadores comunitarios	1.510
Albaneis e canteiros	1.268
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	1.088
Caixeiros, vendedores de billetes (excepto bancos e correos)	1.077
Representantes de comercio e técnicos de venda	1.054

### OS DEZ GRUPOS OCUPACIONAIS QUE MAIOR CRECEMENTO CONTRACTUAL PRESENTAN PARA OS MENORES DE 30 ANOS ENTRE 2006 E 2010

GRUPO OCUPACIONAL	Contratados menores de 30 anos entre 2006 e 2010	Creceamento entre 2006 e 2010
Operadores de máquinas-ferramenta	866	96,21
Outros empregados no coidado de persoas e asimilados	577	54,81
Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais	796	47,08
Mariñeiros de cuberta de barco e asimilados	705	41,27
Outros diversos traballadores de servizos persoais	508	34,74
Peóns de obras públicas e mantemento de estradas, presas e construcións similares	2.534	13,22
Farmacéuticos	749	8,66
Outros profesionais de nivel superior de informática	665	7,63
Mozos de equipaxe e asimilados	1.082	5,61
Axudantes farmacéuticos	655	4,82

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Nota: para o indicador de creceamento, tómanse en consideración as ocupacións que teñen máis de 500 contratados no período seleccionado para que sexan ocupacións con suficiente representatividade.



## LUGO

Contratados menores de 30 anos en 2010



PROPORCIÓN DE MENORES DE 30 ANOS NO TOTAL DA  
CONTRATACIÓN **41,52%**

VARIACIÓN NA CONTRATACIÓN DOS MENORES DE 30 ANOS ENTRE  
2006 E 2010 **-25,77%**

### OS DEZ GRUPOS OCUPACIONAIS CON MAIOR NÚMERO DE CONTRATADOS MENORES DE 30 ANOS EN 2010

GRUPO OCUPACIONAL	Contratados menores de 30 anos en 2010
Camareiros, <i>barmans</i> e asimilados	2.355
Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	1.697
Peóns de industrias manufactureiras	896
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	619
Peóns do transporte e descargadores	405
Condutores de camións	401
Taquígrafos e mecanógrafos	395
Albaneis e canteiros	393
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	388
Peóns forestais	379

### OS DEZ GRUPOS OCUPACIONAIS QUE MAIOR CRECIMENTO CONTRACTUAL PRESENTAN PARA OS MENORES DE 30 ANOS ENTRE 2006 E 2010

GRUPO OCUPACIONAL	Contratados menores de 30 anos entre 2006 e 2010	Crecedemento entre 2006 e 2010
Outros diversos traballadores de servizos persoais	223	65,92
Gardas xurados e persoal de seguridade privado	230	28,26
Mozos de equipaxe e asimilados	241	24,48
Operadores de maquinaria agrícola móbil	371	19,95
Peóns forestais	1.594	18,88
Empregados de contabilidade e cálculo de nóminas e salarios	211	18,48
Vixilantes, gardiáns e asimilados	435	11,49
Bañistas-socorristas	816	10,91
Escala básica	204	10,29
Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais	896	8,82


Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Nota: para o indicador de crecedemento, tómanse en consideración as ocupacións que teñen máis de 200 contratados no período seleccionado para que sexan ocupacións con suficiente representatividade.



## OURENSE

Contratados menores de 30 anos en 2010



PROPORCIÓN DE MENORES DE 30 ANOS NO TOTAL DA CONTRATACIÓN	<b>41,50%</b>
VARIACIÓN NA CONTRATACIÓN DOS MENORES DE 30 ANOS ENTRE 2006 E 2010	<b>-24,25 %</b>

### OS DEZ GRUPOS OCUPACIONAIS CON MAIOR NÚMERO DE CONTRATADOS MENORES DE 30 ANOS EN 2010

GRUPO OCUPACIONAL	Contratados menores de 30 anos en 2010
Camareiros, barmans e asimilados	1.899
Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	1.503
Peóns de industrias manufactureiras	991
Peóns forestais	567
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	476
Taquígrafos e mecanógrafos	388
Peóns do transporte e descargadores	381
Peóns da construción de edificios	319
Albaneis e canteiros	295
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	289

### OS DEZ GRUPOS OCUPACIONAIS QUE MAIOR CRECEMENTO CONTRACTUAL PRESENTAN PARA OS MENORES DE 30 ANOS ENTRE 2006 E 2010

GRUPO OCUPACIONAL	Contratados menores de 30 anos entre 2006 e 2010	Creceamento entre 2006 e 2010
Outros montadores e ensambladores	715	87,27
Peóns forestais	2.027	55,34
Profesores de ensino primario	268	46,94
Telefonistas	676	45,16
Gardas xurados e persoal de seguridade privado	223	37,35
Bañistas-socorristas	448	34,93
Outros empregados no coidado de persoas e asimilados	314	21,16
Panadeiros, pasteleiros e confeiteros	269	19,81
Outros diversos traballadores dos servizos de protección e seguridade	260	17,41
Deportistas e profesionais similares	499	11,79


Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Nota: para o indicador de creceamento, tómanse en consideración as ocupacións que teñen máis de 200 contratados no período seleccionado para que sexan ocupacións con suficiente representatividade.



## PONTEVEDRA

Contratados menores de 30 anos en 2010



PROPORCIÓN DE MENORES DE 30 ANOS NO TOTAL DA  
CONTRATACIÓN **41,65%**

VARIACIÓN NA CONTRATACIÓN DOS MENORES DE 30 ANOS ENTRE  
2006 E 2010 **-31,96%**

### OS DEZ GRUPOS OCUPACIONAIS CON MAIOR NÚMERO DE CONTRATADOS MENORES DE 30 ANOS EN 2010

GRUPO OCUPACIONAL	Contratados menores de 30 anos en 2010
Camareiros, <i>barmans</i> e asimilados	6.961
Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	6.570
Peóns de industrias manufactureiras	6.167
Peóns do transporte e descargadores	2.655
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	1.993
Albaneis e canteiros	1.489
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	1.211
Taquígrafos e mecanógrafos	1.134
Perruqueiros, especialistas en tratamento de beleza e traballadores asimilados	1.014
Telefonistas	951

### OS DEZ GRUPOS OCUPACIONAIS QUE MAIOR CRECIMENTO CONTRACTUAL PRESENTAN PARA OS MENORES DE 30 ANOS ENTRE 2006 E 2010

GRUPO OCUPACIONAL	Contratados menores de 30 anos entre 2006 e 2010	Crecedemento entre 2006 e 2010
Compositores, músicos e cantantes	1.285	104,71
Mozos de equipaxe e asimilados	1.107	49,38
Mariñeiros de cuberta de barco e asimilados	514	32,64
Peóns agrícolas	3.841	23,83
Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais	629	20,91
Axudantes farmacéuticos	527	19,21
Asistentes domiciliarios	1.040	14,85
Outros empregados no coidado de persoas e asimilados	885	13,04
Profesores de universidades e outros centros de ensino superior	557	12,18
Operadores de máquinas-ferramenta	1.513	11,15

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

Nota: para o indicador de crecedemento, tómanse en consideración as ocupacións que teñen máis de 500 contratados no período seleccionado para que sexan ocupacións con suficiente representatividade.

A Coruña é a provincia galega que maior porcentaxe de contratados menores de 30 anos ten en relación co conxunto de todas as idades, un 42,01%, seguida de preto por Pontevedra (41,65%), Lugo (41,52%) e Ourense (41,50%).

As catro provincias perden contratados neste colectivo de idade durante os últimos cinco anos; neste caso, destaca Pontevedra por encima das restantes, cun 31,96% menos de traballadores en 2010 dos que se rexistraban en 2006. Isto significa unha perda de 43.261 mozos con contrato de traballo no período analizado. Malia que A Coruña sofre unha redución porcentual algo menor que Pontevedra (-29,96%), a caída da contratación na poboación xuvenil supón en valores absolutos un recorte superior, pois pérdense desde 2006 un total de 44.107 traballadores de entre 16 e 29 anos.

No tocante ás ocupacións máis contratadas e con crecemento para cada unha das provincias, podemos comentar o seguinte:

Na **Coruña**, as 10 primeiras ocupacións que maior número de contratados menores de 30 anos teñen en 2010 concentran o 42% do total de rexistros. Destacan claramente dúas ocupacións sobre todas as restantes, con arredor de 15.000 mozas e mozos contratados en 2010 entre as dúas; trátase dos *dependentes e exhibidores en tendas* e os *camareiros e barmans*. A primeira delas, a ocupación que fai referencia aos *dependentes*, está composta por un 80% de mulleres contratadas e a segunda por un 62%. As ocupacións que ocupan o terceiro e cuarto lugar en canto a volume de mozos contratados, ao contrario, están compostas maioritariamente por homes; trátase dos *peóns do transporte e descargadores* e dos *peóns das industrias manufactureiras*.

Ningunha das ocupacións mencionadas destaca por ser a que maior crecemento contractual experimenta para a poboación xuvenil da provincia. Na Coruña as ocupacións que mostran maior incremento de contratacións son, entre outras, a de *operadores de máquinas-ferramenta*, a de *outros empregados no coidado de persoas* e a de *cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais*. Nesta provincia atopamos tres ocupacións entre as 10 primeiras que mostran crecemento contractual e non sucede así nas outras tres provincias, son os *peóns de obras públicas e mantemento de estradas*, os *farmacéuticos* e os *profesionais de nivel superior de informática*.

En **Lugo**, as 10 primeiras ocupacións con maior volume de contratados de 16 a 29 anos acumulan unha porcentaxe moi elevada, practicamente o 47% da contratación total. A de *camareiros* e a de *dependentes*, por esta orde e como acontece en todas as provincias, son as dúas ocupacións que maior número de mozos empregan no pasado ano 2010. Entre as catro primeiras, a diferenza do que acontece nas demais provincias, destaca a ocupación que fai referencia ao *personal de limpeza de oficinas, hotéis e outros establecementos similares*, cun 4% da contratación total rexistrada nas oficinas de emprego.

Na provincia luguesa as tres ocupacións que experimentan un maior crecemento na contratación desde o ano 2006 son: os *traballadores dos servizos persoais*, os *gardas xurados e personal de seguridade privado* e os *mozos de equipaxe e asimilados*.

Tamén podemos destacar tres ocupacións que experimentan un crecemento notable na provincia de Lugo e non sucede así nas restantes, trátase dos *operadores de maquinaria agrícola móbil*, os *empregados de contabilidade e cálculo de nóminas e salarios* e os *vixilantes, gardiáns e asimilados*.



**Ourense** obtén a menor redución porcentual das catro provincias galegas en canto a contratados menores de 30 anos, un -24,25% menos de contratados en 2010 dos que se rexistraban nos catro anos anteriores. Tamén hai que ter en conta que se trata da provincia que menor número de poboación xuvenil ten traballando no actual mercado laboral. Cómpre analizar as ocupacións que máis empregan este colectivo de idade e a súa tendencia nos últimos cinco anos.

De novo as dúas primeiras ocupacións con maior número de contratados menores de 30 anos son as de *camareiros e dependentes*; en cambio, nas catro primeiras aparece unha que apenas ten relevancia nas restantes provincias, é a de *peóns forestais*. Esta ocupación, ademais de ter un volume considerable de traballadores de menor idade no pasado ano 2010, aparece na lista das que maior crecemento contractual experimentan no último quinquenio. Entre 2006 e 2010 obtén un 55,34% de mellora na contratación rexistrada.

A ocupación que mellores perspectivas ten no emprego ourensán é a de *outros montadores e ensambladores*, seguida dos *peóns forestais* xa mencionados, os *profesores de ensino primario* e os *telefonistas*.

Estes dous últimos, os *profesores de ensino primario* e os *telefonistas*, xunto cos *panadeiros*, os *traballadores dos servizos de protección e seguridade* e os *deportistas*, son profesións que contratan cada vez máis mozas e mozos na provincia de Ourense e, ao mesmo tempo, non constan entre as que teñen crecemento positivos nas outras tres provincias galegas.

Por último, **Pontevedra** destaca por ser a provincia que maior concentración de mozos contratados amosa entre as 10 primeiras ocupacións. Un 49% do total asinan un contrato laboral para traballaren nas seguintes ocupacións: *camareiros, dependentes, peóns das industrias manufactureiras, peóns do transporte, persoal de limpeza, albaneis, cociñeiros, taquígrafos, perruqueiros e telefonistas*.

Ningunha delas mostra crecemento nos seus rexistros de traballadores entre 2006 e 2010; pola contra, todas elas en conxunto amosan unha perda de contratados menores de 30 anos que rolda o 30%.

Tres ocupacións están entre as que máis mozos contratados gañan en Pontevedra e non sucede así nas restantes provincias: *peóns agrícolas, asistentes domiciliarios e profesores de universidades e outros centros de ensino superior*.

## **6. A MOBILIDADE XEOGRÁFICA DOS MENORES DE 30 ANOS**

### **6.1 OCUPACIÓNS QUE ACAPARAN O MAIOR NÚMERO DE TRABALLADORES MENORES DE 30 ANOS NAS ENTRADAS E SAÍDAS DO MERCADO LABORAL GALEGO**

Os seguintes grupos ocupacionais caracterízanse por seren aqueles que maior número de contratados de 16 a 29 anos obteñen nas entradas e saídas do mercado laboral galego. A partir da información que presenta un contrato de traballo, considérase que existe mobilidade cando non hai coincidencia entre o municipio do domicilio do traballador e o municipio da empresa que o contratou. Esta mobilidade é a que se produce entre Galicia e o resto de comunidades autónomas españolas.

#### **Contratados menores de 30 anos que entran en Galicia desde o resto do Estado segundo ocupación. Galicia 2010.**



#### **Contratados menores de 30 anos que saen de Galicia cara ao resto do Estado segundo ocupación. Galicia 2010.**



Un total de 42.057 traballadores entraron e saíron de Galicia durante o ano 2010, dos cales 16.781 (o 40% do total) eran menores de 30 anos. 7.022 traballadores entraron en Galicia provenientes doutras comunidades autónomas españolas, mentres que 9.759 eran galegos que formalizaban contratos para traballaren no resto do Estado. A diferenza entre a contratación de entrada e de saída presentou un saldo negativo de 2.737 traballadores.

Comparando os datos de mobilidade xeográfica baseándose nos datos de contratación, observamos como as entradas e saídas dos contratados menores de 30 anos descenden en cinco anos ata practicamente a metade dos rexistros. En 2006 un total de 31.408 mozas e mozos desprazábanse da súa localidade de orixe para traballaren, mentres que en 2010 esta cantidade se reduce a 16.781.

A mobilidade xeográfica por xénero amosa un comportamento máis activo no colectivo masculino entre os máis novos. Os mozos que entraron e saíron con contrato de traballo constituíron en 2010 o 56% do total.

No tocante ás 10 ocupacións que maiores desprazamentos orixinan entre a poboación xuvenil, constatamos que tanto os traballadores que saíron como os que entraron en Galicia coincidiron en oito delas, destacando entre as que máis contratados desprazaron as de *dependentes de comercio*, *traballadores dos servizos de restauración* e *traballadores en obras estruturais de construción*.

Dúas ocupacións, os *peóns do transporte e descargadores* e os *soldadores e chapistas* están entre as que maior número de contratados menores de 30 anos achegan á comunidade galega e non constan como as que máis galegos escollen para traballaren fóra da nosa comunidade. En cambio, outras dúas, os *empregados de trato directo co público en axencias de viaxes* e os *escritores e artistas*, destacan por impulsaren os mozos galegos a traballar fóra da comunidade e non así por atraeren outros contratados para vir traballar a Galicia.

As ocupacións que maiores fluxos de mobilidade orixinan están, sobre todo, asociadas a traballos de baixa cualificación profesional, todas excepto os *técnicos das ciencias físicas* (como os delineantes, técnicos en enxeñaría civil, técnicos de informática, profesionais marítimos, etc.), os *profesionais de apoio en operacións financeiras* (intermediarios, axentes de seguros, axentes inmobiliarios, etc.) e *outros técnicos e profesionais de apoio* (como os especialistas en forzas de seguridade, apoio á promoción social, profesionais do mundo artístico, deportistas, etc.).

Os *peóns de transporte e descargadores* para os homes e os *empregados en servizos contables e financeiros* para as mulleres son as ocupacións que maior crecemento experimentan nos movementos contractuais de saída na mocidade galega entre 2009 e 2010. Na outra vertente, os *traballadores en obras estruturais da construción* nos homes e os *traballadores nos servizos de restauración* nas mulleres son as ocupacións que maior número de contratados galegos perden nas saídas da comunidade autónoma no último ano.





galicia

